


O Tremoal



Ceip Juan Rey

21 de xuño 2023

Equipo de Dinamización de Biblioteca. Semana da Prensa nº 5.

Edición especial Francisco Fernández del Riego



“ Eu fun sempre un argallante”.



Creamos

Presentación	3
Coñecendo a vida e obra de don Paco	4
Día das escritoras	6
Don Paco e a festa da Faba	7
Paco e as pantasma	8
Deseñamos os carteis da exposición	11
Deseñamos unha guía de actividades	14



Contamos

Don Paco e os xogos tradicionais	15
Don Paco e o Nadal	18
Audioguía da exposición	19
Rosalía, a escritora preferida de don Paco	20
O entroido e don Paco	22
Actv. Fomento igualdade. Memorias dunha nena labrega	24
"Linguadade".	25



Divulgamos

A Real Academia Galega no colexio	26
O Maio	27
O barco de noz	28
Don Paco e os seus amigos	39
Correlingua	40
O Ceip Juan Rey na Radio Galega	41
Premios e recoñecementos	42

Presentación

Desde fai tres cursos os equipos de EDLG e Biblioteca elixen un tema ou un personaxe relacionado con Lourenzá para coñecelo máis profundamente.

O noso pobo ten un enorme patrimonio que hai que conservar e valorar e que por desgraza non sempre aparece nos libros de texto.

Desde o século X temos a sorte de que no noso concello sempre houbo unha biblioteca e persoas que traballaron pola cultura .

Aquí Casas Nóvoa deseñou a fachada da nosa igrexa que lle serviu de ensaio para a fachada do Obradoiro de Santiago.

De Lourenzá e de Rosalía de Castro , faloulle Vicente Fernández á súa filla Juana Ibarbourou, considerada unha das grandes poetisas en lingua castelá.

Aquí en Lourenzá tamén naceu e viviu a pintora Julia Minguillón, que inmortalizou aos nenos e nenas das escolas rurais de Galicia na súa obra ***A escola de Doloriñas***.

E aquí tamén naceu e viviu Francisco Fernández del Riego, un dos homes que máis fixo pola difusión da cultura e da lingua galega.

En agosto do 2022, a RAG decide dedicar o día das letras galegas 2023 a Francisco Fernández del Riego. Polo que ao empezar o curso decidimos que o ano que o colexio cumpre 50 anos sería tamén o ano de don Paco. Participamos en todas as actividades que nos propuxeron as diferentes institucións e organizacións : Real Academia galega, Seminario Galán, Equipos de Normalización da lingua galega , Biblioteca Municipal, Concello de Lourenzá e Asociación do Patrimonio Laurentino.

Foi un curso enteiro para celebrar o Día das Letras Galegas 2023, o día de don Paco de Amada.



Coñecendo a vida e obra de don Paco

Acordamos participar no concurso de carteis da Consellería.

O Equipo de Biblioteca decidiu adaptar a autobiografía de don Paco, *Camiño Andado*, e así irnos contando a súa vida.

Semana a semana ao longo do primeiro trimestre, fomos coñecendo a vida e as inquedanzas de don Paco.

Contamos coa axuda e asesoramento durante todo o curso do escritor e biógrafo Manolo Román.

A súa conferencia sobre a vida e obra do autor foi fundamental para o desenvolvemento do noso traballo.

Con esta información e a nosa creatividade fixemos as seguintes actividades ao longo do curso .



Día das escritoras



Propuxemos ao alumnado que investigasen cal sería a escritora favorita do autor e que fixesen un cartel. Aquí tedes un exemplo dos que elaboraron o alumnado de 3º de E.P.








Don Paco e a Festa da Faba

Para celebrar este día fixemos unha lectura e análise do pregón que don Paco pronunciou no ano 1998, co motivo da festa da Faba. Ilustrando este discurso con debuxos das frases que máis nos gustaron.

Realizamos tamén un vídeo que sería o primeiro de catorce vídeos dedicados ao autor.





Paco e as pantasma



Chegaba o tempo de Samaín e lembramos que a familia de don Paco tiña unha tenda de teas, e que por riba vendían caixas para os defuntos. Propuxémoslle ao alumnado que imaxinase que Paco e os seus amigos deciden coller teas da tenda e saír disfrazados de pantasma por todo Lourenzá. Por razóns de espazo non podemos publicar todos os contos que fixemos. Aquí tedes unha mestura das ideas e debuxos dos contos creados polo alumnado de 3º e 4º.

Como vedes no conto tamén aparecen *O Trigueño*, *Clementina* e *Reina*, persoas moi famosas en Vilanova de Lourenzá cando Paco era neno e que el inmortaliza nos seus libros : **Camiño Andado** e **Lourenzá** .



- Os pais de Paco tiñan unha tenda de teas e funeraria coñecida co alcume do Trinta e Tres.

Chegaba o día de defuntos e Paco e os seus amigos, decidiron vestirse de pantasma e ir metendo sustos por o pobo. Cortaron un anaco de tea branca sen que súa avoa os vira.

-Hai que facer dous furados para os ollos!



- Necesitamos unhas cadeas que fagan ruído!

Aínda que só eran as sete da tarde, xa anoitecera....

Pasaron pola porta do Trigueño, un home que lles daba moito medo aos nenos.

Ao ver as pantasma empezou a berrar:



-Vou metervos no meu forno e facer con vos unha empanada!

Os nenos botaron a correr moi asustados e non pararon ata chegar ao mosteiro...

- Agochémonos aquí, non creo que o Trigueño nos atope.

- Escoitaron a Dona Clementina.


Ao velos tampouco se asustou e ofrecelles aos nenos unha castañas cocidas.

-Grazas, están moi ricas.

- Colleunas o meu home de San Adriano.

- Os nenos lembraron o que se dicía por Vilanova: o marido de Dona Clementina era unha pantasma, ninguén o vira nunca.

- Polo que fuxiron rapidamente.



- Viron a "Reina " unha señora que vendía froita nos soportais.

- Ao velos tan asustados díxolles:


- Pensabades asustar aos veciños con esas roupas de pantasma, pero os que vides aterrorizados sodes vos.

- Comede uns figos e descansade ao meu carón.



Paco e as pantasma

O alumnado de 2º de E.P. realizaron un vídeo no que a historia, efectos especiais e decorados foron deseñados por eles. E os máis pequenos do colexio deseñaron un álbum ilustrado moi terrorífico.




É TEMPO DE PANTASMAS

Carteis da exposición

Ao longo do primeiro trimestre o alumnado de infantil e primaria creou ,deseñou e ilustrou os carteis da exposición gañadora.





Guía de actividades: desde a fiestra de don Paco




Na biblioteca no primeiro trimestre non só fixemos os carteis, tamén elaboramos unha proposta de actividades para todo tipo de alumnado e que recollemos nesta publicación.

Elaboramos máis de oitenta actividades de todo tipo.

Moi divertido foi facer un "Dicionario trangalleiro". Esta actividade consistía en inventar unha palabra de algo que non existe. Pero que debe rexerse polas normas que ten a nosa lingua. Aquí amosamos algúns exemplos.

Podedes ver a revista completa no blog

da biblioteca.



ACHOMA

- Información gramatical
Sustantivo
- Definición
Achoma significa un animal medio lobo e medio vaca. Fica e gústalle comer tocos co rabo.
- Exemplo
Nopita é unha Achoma.
Concede de Achoma.



DICIONARIO TRANGALLEIRO

ABOMA

- Información gramatical
ADX-F
- Definición
Ser unha persoa: despistada, desordenada, fea e cocha.
- Exemplo
Roberta é aboma.



ALOBE

- Información gramatical
Sustantivo
- Definición
Lobo que se converte en persoa cando hai tormenta.
- Exemplo
Roberto é un alobe moi malo.




Don Paco e os Xogos tradicionais

Un dos atrancos que presenta dar a coñecer a vida e obra de don Paco e que non escribiu ningún relato para o público infantil.

Por iso despois de estudar na súas autobiografías a súa infancia, descubrimos o seu interese polos xoguetes tradicionais e polos xogos antigos.

No noso pobo contamos con especialistas na materia: Xosé López González e Xosé Manuel García. Os seus traballos están recollidos nos seus libros **Os Xoguetes esquecidos** que por riba están prologados por Francisco F. del Riego.



Xosé axudounos e asesorounos para facer este traballo, moitas grazas.



Don Paco e os Xogos tradicionais

Así foi como decidimos facer barcos de noz , cabalos de pataca, carros de nabo e todo tipo de xoguetes con materiais da época de don Paco.





Don Paco e o Nadal

As nenas e nenos que quixeron participaron no concurso proposto polo concello "**O Nadal de Don Paco**" resultando gañadores os nosos alumnos Esteban de 5º de E. P. e Juan de 6º de E.I.

Nós preferimos traballar o **xénero epistolar** que tanto practicou o autor.

As alumnas e alumnos de infantil e primaria imaxinaron e escribiron as cartas a Papá Noel e aos Reis Magos que don Paco e os nenos e nenas de Lourenzá do século pasado lles pedirían.

Aquí tedes un exemplo destas cartas escritas polo alumnado de 1º de E.P.

Previamente buscaron información e fotos na rede, dos xoguetes preferidos dos nenos e nenas da época do autor, así como o seu libro preferido cando era neno.

Queridos Reis Magos:

Son un neno de Lourenzá que este ano fun moi bo e que me portei moi ben con meus irmáns.

Gustariame que me trouxerades un libro chamado : As mil e unha noites. E tamén estes xoguetes para poder xogar cos meus amigos na praza.

Unha aperta.

Paco



Audioguía da exposición

Como xa dixemos tratamos de que a nosa exposición de carteis e caderno de actividades fosen inclusivas (pictogramas , Braille). Polo que fixemos unha audioguía na que o alumnado ía narrando a biografía de don Paco en dez vídeos.

Engadimos diálogos , efectos especiais, música... todo creado e composto polos nenos e nenas de 5º. Un inmenso traballo que foi decisivo para gañar o premio.



Rosalía de Castro, a escritora preferida de don Paco

Don Paco opinaba, e pensamos que tiña a razón, que Rosalía de Castro era unha das escritoras máis importantes do Romanticismo. (Como se pode ver no cartel 4 da nosa exposición).

Creamos carteis para celebrar este día con diferentes técnicas de deseño gráfico.



Ilustramos o seu famoso poema *Meniña gaiteira*.



Miña casiña , meu lar

Este fermoso poema fala do caldo galego. Decidimos ler e ilustrar o poema cos nosos debuxos e facer este mural que puxemos no comedor do colexio.

Con axuda de Juan e Ana, os nosos cociñeiros, degustamos o Caldo de Gloria e os bolos de pote. Pero antes os nenos de cuarto de primaria recitaron o poema. Canto lle gustaría comer o caldo do noso colexio a don Paco!



O entroido e don Paco

Como a case toda a xente de Lourenzá, a don Paco gorentáballe disfrazarse, facer bromas e comer os doces tradicionais da nosa terra: orellas, filloas, rosquillas e sobre todo mazapáns. Cando estudaba en Santiago disfrázouse de vella e foi á casa da súa noiva Evelina , que non o coñeceu e pasou moito medo ata que el se descubriu. A nós tamén nos encanta disfrazararnos e meter sustos.





Actividades para o fomento da igualdade

Ao longo do curso, levando como fío condutor a vida e a época de don Pa-co, fomos analizando e comparando a evolución da muller galega nestes últimos cen anos.



Memorias dunha nena labrega

Na súa editorial Francisco Fernández del Riego e os seus amigos crearon unha revista cultural chamada **Grial**. No número 174, publicaron un artigo de Xavier Castro Pérez titulado: *A fariña dos días: memorias dunha nena labrega*.

É un artigo escrito para adultos, pero a nós inspirounos para facer unha revista. Ides atopar entrevistas que o alumnado do 3º, 4º, 5º e 6º realizaron a súas avoas. Moitas grazas a todas por participar!



“Linguadade”



Don Paco estudou a lingua galega, publicando dicionarios e ensaios.

Nós puxemos en marcha este proxecto ao que chamamos “linguadade”. Queremos ir facendo un glosario de termos e palabras neutras que eviten a linguaxe sexista.



A Primavera das Letras

A Real Academia Galega elixiu o noso centro para presentar as actividades da Primavera das Letras deste ano de don Paco.

Organizamos as seguintes actividades para celebrar este acontecemento tan importante para nós e recibir ao seu presidente Víctor F. Freixanes.



Seguimos a don Paco.

Como podedes ver o noso mural representa a don Paco. Vai detrás o noso alumnado. Levan libros ou xoguetes que lle gustaban a don Paco cando era un neno .

Don Paco é **o frautista de Hamelín** que nos convida a falar, escribir, cantar e investigar en galego.

Recreamos o seu despacho.



O Maio

Non hai primavera sen flores, sen poesía e sen **Maio** en Galicia. Por iso o alumnado de E.I. realizou este maio de flores cubertas lembrando ao noso gran poeta Curros Enríquez.



O barco de noz





Como xa sabedes ***don Paco visitou o noso colexio no ano 1987***. Aínda que como podedes ver na foto, o acto central tivo lugar no antigo cine do pobo.

Xa daquela estabamos faltos dun salón de actos!

Don Paco deixou no colexio por aquel tempo un agasallo: un sinxelo dicionario de galego.

No seu discurso lembrou que na súa nenez, no terreo onde agora está o colexio só había un monte no que os seus amigos e máis el apañaban noces e castañas.

Así foi como decidimos facer tamén nós un barco de noz que convertemos no símbolo de don Paco e os seus soños.



O campo do Tremeoal

Nun recuncho do campo do Tremeoal *aínda quedan nogueiras*.



Os nosos barcos como o de don Paco tamén están cargados de soños de futuro.



O barco de noz de don Paco



Hai cen anos don Paco era un neno máis que vivía en Vilanova de Lourenzá. Un pequeno pobo da Mariña Lucense.

Eran tempos en que había moi poucos coches e os nenos xogaban nas rúas e nos montes.

Preto da praza onde xogaba, había un monte ao que chamaban **Campo do Tremoal**, cheo de nogueiras. Alí, os rapaces e rapazas, apañaban noces e coas cáscaras facían barcos que botaban no río, coa esperanza de chegar ata o mar. Paco con moita paciencia fixo un sinxelo barco de noz. Cando o rematou, xa era hora de cear e foise para a súa casa.



A súa avoa fixera o caldo e unhas filloas con mel para toda a familia.

-Ai, avoa, se me deras ese tarro! Vou meter aquí o meu barco e botareino a navegar para que dea a volta ao mundo.



Chegou o verán e Paco e seus irmáns fóronse para Foz.

O vello Tragamares estaba esperando para levalo pescar. Paco amosoulle o seu barco.


-Señor Tragamares, se o boto no medio do mar, dará a volta ao mundo?

-Pois non o sei. Eu naveguei por todos os mares do mundo e non vin en ningún porto un barco de noz atracado.

Paco gardou o barco e seguiu pescando.



Pasaron os anos e Paco foi medrando, estudando, lendo e soñando con grandes aventuras. Na mesa de estudo sempre o acompañaba o seu barco de noz.



Na universidade os seus amigos e máis el, querían que se falara, que se escribira e que se estudara en galego. Repartían por toda a cidade **resoles** de cores con versos de Rosalía.

Nas vacacións de verán celebraron por primeira vez o Día da Patria Galega: fixeron unha festa e berraron desde o balcón: VIVA GALICIA CEIBE!!



Estaban moi ilusionados con que Galicia tivese un estatuto. Viaxou co seu amigo Alfonso pobos e cidades. Ata que chegou a guerra.

Alfonso marchou exiliado para Arxentina :


-Adeus Alfonso. Leva este barco que fixen cando era neno e soñaba con cruzar o Atlántico.



Ao rematar a guerra casou coa súa noiva e foise vivir a Vigo. Desde o seu despacho, contemplando o mar, vía saír barcos de pesca e transatlánticos cargados de galegos e galegas buscando unha vida mellor, sen saber se volverían.



Ata que un día Paco tamén foi de viaxe a Bos Aires, Montevideo e Brasil. Alí atopouse coa muller de Alfonso, xa falecido, que lle devolveu o barco de noz. -Canto soñaba Alfonso con que un día cho levaría a Vigo persoalmente...



Pasaron os anos e don Paco escribiu e editou libros.
Loitou pola nosa lingua e converteuse nun gran escritor.
No ano 1987 recibiu unha invitación: *"A comunidade educativa do Ceip Juan Rey convida a falar da súa vida e obra"*.

Retornaba ao Campo do Tremoal.

No monte de nogueiras, onde xogaba cando era neno, sorpresa!, estaba agora o noso colexio.


Don Paco, moi emocionado, contou esta historia.

Deixounos dous tesouros: un dicionario de galego e o seu barco de noz .

Que deste xeito atracou en Lourenzá despois de dar a volta ao mundo .

Coa esperanza que do campo de Tremoal seguiran saíndo homes e mulleres que navegaran por todo o mundo escribindo, cantando, falando, investigando e soñando en galego.

Feliz día das Letras Galegas!








Don Paco e os seus amigos

Desde o curso pasado queremos converter o noso patio nun espazo de arte e igualdade. Polo que tamén traballamos os amigos pintores do autor, especialmente a Luís Seoane e a súa obra relacionada coa muller labrega galega. Aquí tedes un exemplo realizado polo alumnado de primeiro.



Correlingua

Xunto con outros colexios e institutos da Mariña celebramos esta andaina pola nosa lingua.




E a nosa voz percorreu Galicia o 17 de maio



O Día das Letras Galegas Lourenzá foi o escenario dos actos principais deste día.

En toda Galicia oíuse a nosa voz grazas aos programas da RTVG *Galicia por diante* e o *Diario Cultural*.



Prema nos enlaces para escoitarnos e para saber que opina Víctor F. Freixanes do noso colexio e do noso pobo.

<https://www.crtvg.es/rg/podcast/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-17-05-2023-6134782>

<https://www.crtvg.es/rg/podcast/galicia-por-diante-galicia-por-diante-do-dia-17-05-2023-6134722?t=3099>

Entrega de premios e recoñecementos


Lourenzá (Lugo), 5 de maio de 2023 O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, participou esta mañá no acto de entrega do premio convocado pola Xunta de Galicia Concurso-Exposición Letras Galegas 2023, na categoría Infantil e Primaria, ao colexio CEIP Juan Rey de Lourenzá polo seu traballo Desde a fiestra de don Paco, elaborado polo profesorado e alumnado do centro, ata onde tamén se desprazou o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes.

O representante da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades destacou, en primeiro lugar, a "importancia que supón entregar este galardón na propia vila natal de don Paco, da que nunca se desvinculou e á que lle dedicou Lourenzá, un dos seus persoais libros de viaxe". Ademais, quixo agradecer "a todo o profesorado e alumnado do centro a súa implicación, tanto na elaboración tan coidada do traballo presentado, como na celebración destas Letras Galegas tan especiais para os laurentinos".

Desde a fiestra de don Paco foi premiada pola súa creatividade, o carácter integrador e inclusivo e o emprego de técnicas e recursos moi diversos na procura de difundir a vida e obra de del Riego, entre os que destacan os códigos QR, que aparecen en cada cartel e permiten acceder aos podcasts coa biografía adaptada, ou a incorporación de linguaxe Braille e pictogramas. Ademais, o cartel número sete da exposición, que mostra a don Paco como un viaxeiro e como unha ponte imprescindible entre a Galicia de aquí e a de alén do mar, foi elixido polos supermercados da cadea Vegalsa-Eroski para a súa campaña conmemorativa do Día das Letras Galegas.



1 UN NENO GALEGO



FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

2 UN UNIVERSITARIO GALEGO




FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

3 UN POLÍTICO GALEGO



FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

4 UN PROFESOR GALEGO



FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

5 UN XORNALISTA GALEGO

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

6 UN ESCRITOR GALEGO

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

7 UN VIAXEIRO GALEGO

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

8 UN EDITOR GALEGO

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

9 UN ACADÉMICO GALEGO

"Foi así como me decidín a propor a data devandita para celebrala anualmente coa denominación de Día das Letras Galegas."

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

10 UN XENEROSO GALEGO

"As abas e talcón, proseguirei ollando o anaco de mar que se decora entre os tellados."

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO



Canto lle gustaría a don Paco visitar ...

Un dos soños de don Paco cando estaba na universidade era que Galicia tivera un parlamento.

Nós fomos velo.



Navegar...

Aínda que prefería o mar seguro que se apuntaba a esta aventura.

"Recordo a amizade dos compañeiros de curso cos que compartín inesquecibles lérias e aconteceres."

Francisco F. de l Riego



Que na súa escola houbese un club de lectura...




Un recuncho na biblioteca para os seus libros...





Os equipos de EDLG e de Dinamización de Biblioteca agradecen a toda a comunidade educativa a participación en todas as actividades propostas.

FELIZ VERÁN!



<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjuanrey/>

50 anos educando para mellorar o mundo...

